

Xoves, 24 de outubro de 2024

Núm. 208

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### FORNELOS DE MONTES

#### Persoal, oposicións

*RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS E REALIZACIÓN DA PROBA - CONCURSO-OPOSICIÓN- PRAZA DE AUXILIAR DE SERVIZOS SOCIAIS*

Por Decretos de Alcaldía núm. 2024-0146, de 9 de outubro de 2024 e núm. 2024-0150, de 17 de outubro de 2024, aprobouse a relación definitiva de admitidos e excluídos no marco do proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo servizos sociais, como persoal laboral fixo, a cubrir polo sistema de concurso-oposición, a composición do tribunal e a data para a valoración de méritos e realización das probas, ao abeiro da oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Fornelos de Montes derivada da habilitación efectuada para a estabilización do emprego temporal pola Lei 20/2021 de 28 de decembro, no que resolven o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo servizos sociais, como persoal laboral fixo, a cubrir polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que figura como anexo a esta resolución.

Segundo.- O tribunal estará constituído da forma seguinte:

- Presidente:
  - D.<sup>a</sup> María del Rosario González Sánchez, traballadora social do Concello de Fornelos de Montes.  
Suplente: D.<sup>a</sup> Mónica García Valladares, técnico superior tesoureiro do Concello de A Lama.
- Vogais:
  - D.<sup>a</sup> Elvira Crespo Casal, administrativa do Concello de Ponte Caldelas.  
Suplente: D. José Manuel Soto Virulegio, administrativo do Concello de Pazos de Borbén.
  - D.<sup>a</sup> Mónica Barreiro Estévez, traballadora social do Concello de A Lama.  
Suplente: D.<sup>a</sup> Galiza Aguete Do Río, psicóloga do CIM de A Lama.
  - D.<sup>a</sup> Ana María Pazos Sánchez, traballadora social do Concello de Ponte Caldelas.  
Suplente: D. Carlos Otero Rodríguez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Cerdedo-Cotobade.



Xoves, 24 de outubro de 2024

Núm. 208

- Secretaría:

- D.<sup>a</sup> Vanesa Boullosa Peralba, administrativa do Concello de Fornelos de Montes.

- Suplente: D.<sup>a</sup> María Isabel Fragueiro Piñeiro, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Pazos de Borbén.

Terceiro.- Convocar ao tribunal para a súa constitución e realización da baremación de méritos (fase de concurso) o día 28 de outubro de 2024 ás 10:30 na casa do Concello.

Cuarto.- Convocar ao tribunal e aos aspirantes para a realización da proba (fase de oposición) na data, hora e lugar seguintes:

Data: 18 de novembro de 2024.

Hora: 10:00 horas.

Lugar: Edificio multiusos do Concello de Fornelos de Montes (Rúa das Escolas nº 4).

Quinto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Casa do concello e na páxina web.

Sexto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

*ANEXO*

*ADMITIDOS*

- D.<sup>a</sup> Sonia Boente Prego, DNI núm. \*\*\*9695\*\*

- D.<sup>a</sup> Sofía García Boente, DNI núm. \*\*\*7784\*\*

- D.<sup>a</sup> Rocío Martínez Pérez, DNI núm. \*\*\*0931\*\*

- D.<sup>a</sup> María Elena Méndez Cordeiro, DNI núm. \*\*\*1629\*\*

- D.<sup>a</sup> María Fernanda Rodríguez Blanco, DNI núm. \*\*\*9951\*\*

- D.<sup>a</sup> Andrea Estévez González, DNI núm. \*\*\*9402\*\*

Fornelos de Montes, na data da sinatura electrónica

Documento asinado dixitalmente ao marxe

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez

